



Guía Docente			
Datos Identificativos			2023/24
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 3	Código	613G01015
Titulación	Grao en Español: Estudios Lingüísticos e Literarios		
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria
Idioma	Inglés		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Letras		
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es
Profesorado	Fowlie , James Alexander Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	james.fowlie@udc.es luis.pcastelo@udc.es
Web	www.udc.es		
Descripción xeral	Esta materia amplía e profundiza os coñecementos da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1 nas catro habilidades básicas.		

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
O estudiantado debe ter a capacidade de entender as principais ideas da maioría dos textos orais ou escritos en inglés, seguir liñas argumentais complexas e identificar as principais conclusións ás que chegou o falante, sempre que o tema sexa relativamente coñecido.			A1 A6 B4 C2 C4 C4

O estudiantado debe ser capaz de expresarse en inglés escrito con claridade e fluidez, dunha forma coherente e ben organizada, usando conectores de maneira apropiada. Deben usar vocabulario e estruturas que matizan e expresan modalidade: graos de certeza/incerteza, crenza/dúbida, probabilidade/improbabilidade, usando parágrafos e puntuación correctamente.	A1 A6 A9 B4 B5 B6 B10	B1 B2 C2 C4
O estudiantado debe poder seguir os discursos de textos orais dos medios de comunicación, sempre que se fale un nivel de lingua estándar, pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6 B3 B4 B8 B10	C2 C4
O estudiantado debe tomar parte activa en debates orais sobre asuntos de interese cotiáns e xerais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando unha linguaxe apropiada.	A1 A6 A9 B5 B10	B3 B4 C2
O estudiantado debe poder expoñer con claridade a súa opinión sobre diferentes temas e textos, explicando claramente e destacando os puntos principais do seu argumentario, debatindo de xeito axeitado, procurando convencer os demais e respondendo ás cuestións e dúbidas que poidan xurdir.	A1 A6 A9 A10 A15 B5 B7 B8 B10	B1 B2 C2 C4
O estudiantado debe expresarse dunha maneira creativa, orixinal e imaxinativa en textos orais e escritos de lingua inglesa.	A6 A9 A15 B4 B5 B6	B1 C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Gramática	1.1. Usos de it 1.2. Usos de wish e outras construccóns para expresar a irrealdade. 1.3. Expresión da énfase: Oracións cleft e semicleft, inversión, extraposición... 1.4. Adverbiais 1.5. Clases de palabras e formación de palabras
2. Vocabulario	2.1. A cidade e as vilas 2.2. Os lugares nos que vivimos 2.3. Política e regulacións 2.4. O medio ambiente 2.5. Diversidade e discriminación
3. Writing	3.1. Expresar a opinión propia e convencer os demás 3.1.1. Críticas 3.1.2. Informes 3.2. Cartas 3.2.1. Cartas formais e informais 3.2.2. Cartas de reclamación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	C2	2	0	2
Sesión maxistral	A6 A15 B3 B8 B10 C2 C4	22	16	38
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	5	17	22
Seminario	A1 A6 A10 B6 C2	15	15	30
Discusión dirixida	A1 A6 A9 B3 B8 B10 C2 C4	14	0	14
Proba oral	A6 A9 B4 B7 B8 B10 C2	1	8	9
Proba obxectiva	A6 A15 B3 B6 C2	0	34	34
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que as actividades teñen como fin a obtención de información sobre o nivel de competencia do estudiantado, para poder avanzar de acordo coas súas expectativas e necesidades.
Sesión maxistral	Exposición de contidos teóricos e prácticos, acompañada de material audiovisual, co fin de aumentar e consolidar os coñecementos do estudiantado da lingua inglesa e os temas aprendidos.
Portafolios do alumno	Conxunto de tarefas de redacción encomendadas durante o cuatrimestre.
Seminario	Son sesións prácticas nas que se traballan as habilidades básicas en relación co programa, e nomeadamente, o speaking, o listening e o reading.
Discusión dirixida	Diálogos en parellas e grupos pequenos, con seguimiento do profesor, nos que se poñen en práctica as habilidades do estudiantado, e nos que poden ter lugar conversacións e debates informais e espontáneos.
Proba oral	Todos os estudiantes realizarán unha presentación oral ao final do cuatrimestre, na cal deberán amosar a súa competencia comunicativa en inglés. Os estudiantes poderán escoller realizar as súas presentacións na aula ou como un vlog.
Proba obxectiva	Exame escrito. Permite que os profesores avalíen os coñecementos e habilidades lingüísticas adquiridos, desenvolvidos e mellorados durante o curso. Pode incluír varios tipos de preguntas e basearse nos materiais utilizados ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Seminario	O profesor corrixirá ao longo do curso varias redaccións de cada estudiante. O estudiantado deberá ter en conta os seus errores e las correccións e comentarios para futuras ocasións. Poderán e deberían consultar co profesorado sobre a maneira de mellorar o seu rendemento, e usar o tempo dedicado á auto-aprendizaxe para corrixir errores.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación



Proba oral	A6 A9 B4 B7 B8 B10 C2	Todo o estudiantado realizará unha presentación oral ao final do cuadrimestre, na que deberá mostrar as súas competencias comunicativas orais en lingua inglesa. Avaliarase a capacidade de facerse entender, a súa coherencia, fluidez, pronunciación e tamén a complexidade e corrección léxicas e gramaticais. Os estudiantes poderán escoller realizar as súas presentacións na aula ou coma un vlog.	15
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	Avaliaranse varias redaccións (writing). As características de cada unha serán explicadas polo profesor na aula.	15
Seminario	A1 A6 A10 B6 C2	No seminario avaliarase o conxunto de tarefas de comprensión escrita (reading) e oral (listening) realizadas durante o curso.	10
Proba obxectiva	A6 A15 B3 B6 C2	Unha proba obxectiva (exame) baseada nos materiais presentados na clase. Incluirá varios tipos de exercicios. Deste 60% da materia, 40% corresponderá a un exame escrito de gramática e vocabulario, 100% a unha comprensión de texto escrito (reading) e 10% a unha comprensión de texto oral (listening).	60
Outros			

Observacións avaliación

Superación da materia Para superar a materia, o estudiantado terá que cumplir as seguintes dúas condicións:
A) Media ponderada do conxunto das actividades superior a 50.

B) Ter más dun 40% da nota en cada unha das seguintes tarefas: "proba oral", "proba obxectiva" e "portafolios do alumno".

No caso de non cumplir con algunha destas condicións, o estudiantado terá que acudir á oportunidade de xullo.

Entrega de traballos: Aplicarase unha penalización do 25% aos traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada. Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0. Poderanse empregar programas específicos de detección do plaxio. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copia de traballos, copia de exames, etc.) penalizarase, de acordo ao establecido no Regulamento Disciplinar do Estudantado da UdC, artigos 10.3.f e 11.4.b, co suspenso en ambas oportunidades.

Cualificación de Non Presentado (NP): Para obter a cualificación de Non Presentado (NP) o estudiantado deberá non ter realizado a Proba obxectiva / Exame final, nin a Proba oral.

OPORTUNIDADE DE XULLO: O estudiantado que non supere a materia na primeira oportunidade terá que acudir á oportunidade de xullo, que terá a mesma ponderación das diferentes actividades de avaliación mais na que os traballos de Seminario e Portafolios serán substituídos por novos traballos específicos. As partes da materia superadas (máis do 50% da nota) na primeira oportunidade non poderán ser repetidas na oportunidade de xullo.

DISPENSA ACADÉMICA: O estudiantado con dispensa académica oficialmente recoñecida será avaliado segundo as indicacións para a oportunidade de xullo, mantendo as mesmas porcentaxes da avaliación e realizando as adaptacións dos traballos necesarias por motivos de presencialidade. O estudiantado nesta situación deberá poñerse en contacto co profesorado tan pronto como teña coñecemento da mesma.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and Vocabulary. London: MacMillan - Tims, Nicholas et al. (2014). Face2face Advanced Workbook. Cambridge: CUP - Swan, Michael (1996). Practical English Usage. Oxford: OUP - Quirk, Randolph & Sidney Greenbaum (1985). A University Grammar of English. London: Longman - Mann, Malcolm (2008). Destination C1 and C2: grammar and vocabulary. London: MacMillan - Burgess, Sally & Amanda Thomas (2014). Gold Advanced Coursebook. Harlow: Pearson - Jones, Leo (2001). New Cambridge Advanced English. Cambridge: CUP - Edwards, Lynda & Jacky Newbrook (2014). Gold Advanced. Maximiser with key.. Harlow: Pearson
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Beaumont, Digby &amp;amp; Colin Granger (1991). Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann- Thomson, Audrey Jean &amp;amp; Agnes V. Martinet (1993). A Practical English Grammar. Oxford: OUP- Collie, Joanne &amp;amp; Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3 (and 4). Cambridge: CUP- Swan, Michael &amp;amp; Catherine Walter (1997). How English Works. Oxford: OUP- Side, Richard &amp;amp; Guy Wellman (2000). Grammar and Vocabulary for CAE and CPE. London: Longman- O'Connell, Sue (1992). Focus on Advanced English. London: Nelson- McCarthy, Michael &amp;amp; Felicity O'Dell (1996). English Vocabulary in Use.(Advanced). Cambridge: CUP- Littlejohn, Andrew (1993). Cambridge Skills for Fluency: Writing 3. Cambridge: CUP- Hewings, Martin (1999). English Grammar in Use. Advanced.. Cambridge: CUP- Greenall, Simon &amp;amp; Michael Swan (1986). Effective Reading. Cambridge: CUP- Greenall, Simon &amp;amp; Diana Pye (1993). Cambridge Skills for Fluency: Reading 3 (and 4). Cambridge: CUP- Collie, Joanne &amp;amp; Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Listening 3 (and 4). Cambridge: CUP- Allsop, Jake &amp;amp; Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Prepositions. London: Penguin- Allsop, Jake &amp;amp; Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G01003

Lingua Inglesa 2/613G01008

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa 4/613G01019

Observacións

Medidas de apoio á diversidadeA materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).Medidas de apoio á igualdadeSegundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías